

VALOR SENTIMENTAL

1638

Joachim Trier, 2025

ESTREA EN NUMAX: 05.12.2025 | V.O.S.E. | +12 | 135 min

As irmás Nora e Agnes reencóntranse co seu distanciado pai, o carismático Gustav, un antigo director de renome que lle ofrece á súa filla Nora, actriz de teatro, un papel na súa próxima película. Nora rexéitao e pronto descobre que lle deu o seu papel a unha nova e entusiasta estrela de Hollywood. De súpeto, as dúas irmás deben sortear a súa complicada relación co seu pai e lidar cunha estrela estadounidense que se atopa no medio da súa complexa dinámica familiar.

«Un fantástico melodrama sobre o poder da arte que mira aos ollos o cinema de Bergman»
Daniel Mantilla, KINÓTICO



Un conmovedor psicodrama sobre a familia

Por Marta Balaga

Está o cinema de autor, e logo está o cinema de autor accesible, e o noruegués Joachim Trier converteuse nun auténtico experto neste último. As súas películas, especialmente as máis recentes, viran ao redor da difusa liña que separa a risa das bágoas. Soa terriblemente sentimental, pero funciona. Trier non teme a dor, pero abórdaa dunha maneira que resulta soportable para o espectador. *Valor sentimental*, a súa nova película, que foi presentada na Sección Oficial do Festival de Cannes, retrata unha familia que ocultou tantos segredos que a súa vella casa literalmente empeza a virse abaixo. Menciónanse feitos terribles, algúns gardados nun arquivo, outros ocultos a todos excepto a unha agarimosa irmá, e aínda así, segue parecendo máis unha comedia suave que un psicodrama en toda regra. Por increíble que pareza, Trier ten a capacidade de facer que mesmo *Irreversible* (Gaspar Noé, 2002) resulte graciosa. E non polo contido, está claro, senón porque o avó ausente Gustav (Stellan Skarsgård, sen dúbida un dos mellores actores contemporáneos) considera que un DVD desa famosa película é un agasallo apropiado para un neno de nove anos. Tamén o pensa d'A *pianista* (Michael Haneke, 2001), da que supón que lle “ensinará moitas cousas sobre as mulleres” ao neno. De todos os xeitos, que non cunda o pánico, xa que a familia nin sequera ten reprodutor de DVD —quen o ten hoxe en día?—.

O director de cinema Gustav abandonou á súa familia hai xa nove anos e nunca chegou a asumir o dano que causou ás súas fillas, Nora e Agnes (Renate Reinsve e Inga Ibsdotter). Manter o contacto “entre película e película” nunca foi o seu, pero xa pasaron quince anos desde a súa última longametraxe, polo que se lle acabaron as excusas. O feito de que regrese á casa familiar tras a morte da súa exmuller apunta claramente a que quere algo, pero non parece tratarse dunha reconciliación —ou polo menos non unha evidente e conmovedora—. Gustav escribiu un guión sobre a súa propia nai, que se suicidou cando el era neno. E só Nora, outra representante do departamento de poetas atormentados da familia, pode interpretala.

Unha vez máis, todo soa moi “bergmanián”, e Skarsgård podería conxelar o ambiente coa súa mirada, pero estes personaxes non poden evitar ser divertidos. O colapso de Nora antes de saír ao escenario, cando lle pide ao seu coprotagonista que foda con ela, logo que bata nela e que finalmente arrinca o seu propio corpiño en sinal de protesta, é esmendrellante. Tamén o son o egocentrismo de Gustav e a resignada aceptación de Agnes de que, neste grupo de tolos creativos, ela é a encargada de limpar o desastre e recoller os pratos rotos. Hai moitas capas e subtramas que non sempre funcionan. Pero unha vez que Gustav consegue o financiamento —por cortesía de Netflix— e mesmo se asegura unha estrela de verdade (Elle Fanning), con todas estas referencias á industria cinematográfica, ou mesmo ás roldas de prensa, esta é unha película moi ben recibida pola crítica, que de feito se mostrou moi receptiva durante en Cannes.

Son moitos os directores ou actores que asocian a arte de crear coa terapia, pero Trier, que demostrou estar en plena forma, mostra con tenrura como funciona o proceso na práctica. A nai de Nora e Agnes era terapeuta, de feito, pero elas non son capaces de sentar e desafogarse. Esa non é a forma de actuar delas, e desde logo tampouco é o *modus operandi* nórdico. O único que teñen é o novo guión de Gustav. A lección parece ser que os segredos gardados durante demasiado tempo poden acabar por devorarte, tanto a ti como aos teus fillos, así que sae, crea arte e se feliz.